

RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE MAIO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO E A OFERTA DE PRAZAS DE COMPLEMENTOS FORMATIVOS PREVIOS Á HOMOLOGACIÓN DO GRAO EN ODONTOLOXÍA

No artigo 19 do Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores, régulanse os requisitos formativos complementarios que as persoas interesadas deberán superar con carácter previo á homologación dun título estranxeiro de educación superior.

Neste artigo establécese o seguinte:

1. La finalidad de estos requisitos formativos será la de equiparar de forma ponderada los contenidos formativos entre la titulación extranjera y la española a la que trata de homologarse, garantizando así la calidad formativa de todas las personas profesionales que ejercen una determinada profesión en España.

2. Los requisitos formativos complementarios son necesarios cuando en la elaboración de la propuesta de resolución sobre la homologación de un título extranjero se detectan carencias de conocimientos y de competencias, o de prácticas académicas determinadas.

3. Estos requisitos podrán consistir en la realización de un período de prácticas académicas, la superación de una prueba de aptitud, la elaboración de un proyecto o trabajo académico o técnico, o la superación de determinados cursos académicos que permitan subsanar las carencias detectadas.

4. El desarrollo de estos requisitos se realizará en una o varias universidades españolas, a elección por la persona interesada, siempre y cuando tenga implantado y vigente el título universitario oficial español al que se pretende homologar. En este sentido, el período máximo de desarrollo y superación de estos requisitos formativos complementarios será de cuatro años desde el momento de notificación de la resolución.

Si se superase ese período sin obtener estos requisitos se considerará que la homologación condicionada perderá su eficacia, sin perjuicio de que la persona interesada pueda solicitar la convalidación de determinados períodos de estudio, tal y como se regula en el presente real decreto.

5. Las personas interesadas no podrán solicitar una nueva homologación del título extranjero que ya haya sido objeto de procedimiento de homologación con resultado favorable condicionado a la superación de requisitos formativos complementarios, incluso en el caso de que haya perdido su eficacia al no haberse superado en el plazo de cuatro años establecido en el párrafo anterior.

Nestes últimos anos produciuse na USC un incremento substancial de solicitudes para avaliar a superación dos requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros, concretamente no caso do grao en Odontoloxía, o que dificulta que se poidan atender con criterios de calidade todas as solicitudes presentadas, tendo en conta que os recursos docentes dos que se dispón son limitados. Por esta razón, o equipo directivo da Facultade de Medicina e Odontoloxía, centro no que se imparte a mencionada titulación, puxo de manifesto a necesidade de que se adopten medidas para adaptar a oferta de complementos formativos neste grao á capacidade da que dispoñen para poder asumila, tanto no relativo ao número de prazas como ás modalidades de probas.

En consecuencia, esta **REITORÍA RESOLVE**:

Primeiro. Establecer a seguinte oferta para verificar no curso académico 2026-2027, o cumprimento de requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros:

Grao en Odontoloxía:

Proba de aptitude: 50 prazas

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes para o Grao en Odontoloxía será do **día 8 ao 18 de xuño de 2026**, a través de: <https://matricula.usc.es/LoginX/Login.asp>.

Na solicitude, a persoa interesada deberá:

- Marcar as materias das que desexa examinarse, segundo conste na Resolución definitiva do Ministerio.
- Acompañar copia de dita Resolución, que deberá estar vixente conforme aos prazos establecidos na resolución de 26 de maio de 2025 pola que se amplían os prazos establecidos no artigo 19.4 do RD 889/2022 e na Disposición transitoria segunda do RD 967/2014, o ben na resolución de 11 de xuño de 2025 pola que se amplía o prazo establecido no artigo 16.5 do RD 967/2014.
- Acompañar documento de identidade do solicitante.

A documentación deberá incorporarse no momento de realización da solicitude. Se non fose posible nese momento, poderá presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes ou nos cinco días hábiles seguintes á finalización de dito prazo. No caso de non presentar a documentación nos prazos establecidos, procederase a excluír a solicitude do proceso de adxudicación de prazas.

Terceiro. As prazas adxudicaranse pola orde de entrada das solicitudes. A relación de persoas admitidas publicarase nos primeiros dez días de xullo de 2026 e o Servizo de Xestión Académica enviaralles o documento de matrícula para proceder ao pagamento no prazo que se indique, no caso de non realizar o pagamento en dito prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

Cuarto. Quen non supere os requisitos no curso académico 2026-2027 e desexe matricularse en cursos posteriores terá que volver solicitar praza, sempre que se oferten nese curso académico.

A proba de aptitude para o Grao en Odontoloxía organizarase de xeito coordinado coas demais universidades españolas que imparten estes estudos.

Disposición final.

Esta Resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro de Anuncios.

A reitora

Rosa María Crujeiras Casais

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/05/2026 12:37:38.

CSV: 20CD-40AE-4DEC-A224